

**PROGRAMA PILOTO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL INVESTIGADOR
DISTINGUIDO - CONVOCATORIA 2021**

**CRITERIOS APROBADOS POLA COMISIÓN ESPECIALIZADA CAMPUS
TERRA, o día 14 de Xullo de 2021**

PRIMEIRA FASE (Máximo 60 puntos)

1) Méritos curriculares da persoa candidata. Puntuación: de 0 a 70 puntos.

- a) **Achegas científicas.** Valoraranse a relevancia e a contribución da persoa candidata nos artigos publicados en revistas científicas, os libros ou capítulos de libros científicos e técnicos, os traballos presentados en congresos, as patentes concedidas ou licenciadas, e, en xeral, en calquera outra achega que permita valorar os diferentes aspectos da investigación, incluíndo a transferencia de tecnoloxía. Puntuación: **de 0 a 40 puntos.**

Producción científica:

Artigos JCR primeiro cuartil.....	4 puntos
Artigos JCR segundo cuartil.....	3 puntos
Outros artigos JCR.....	2 puntos
Outros artigos científicos.....	0,25 puntos
Autoría de libros internacionais.....	3 puntos
Autoría de libros nacionais.....	1 punto
Edición de libros internacionais.....	2 puntos
Edición de libros nacionais.....	1 punto
Capítulos de libros internacional.....	1 punto
Capítulos de libros nacionais.....	0,25 puntos
<i>Proceedings</i> en congresos internacionais.....	0,5 puntos
<i>Proceedings</i> en congresos nacionais.....	0,25 puntos
Congresos internacionais (resumo ou póster).....	0,2 puntos
Congresos nacionais (resumo ou póster).....	0,1 puntos
Relatorios invitados en congresos internacionais.....	0,5 puntos
Relatorios invitados en congresos nacionais.....	0,25 puntos
Patentes concedidas en explotación.....	5 puntos
Patentes rexistradas	1 punto
Outros méritos relacionados con este epígrafe.....	ata 5 puntos

- b) **Participación en programas, proxectos ou contratos de I+D+i.** A dirección ou coordinación científica de grupos, de proxectos de investigación, de equipamentos ou de instalacións singulares. Valorarase a implicación directa en proxectos ou contratos internacionais de investigación como accións relacionadas cos programas do Consello Europeo de Investigación, outros programas competitivos do Programa marco ou outras axencias internacionais, así como o financiamento obtido de mobilidade internacional (experiencia pre ou posdoutoral en países distintos ao seu país de orixe, etc.). Puntuación: de **0 a 25 puntos**.

IP proxectos/contratos internacionais de investigación competitivos.....	3 puntos
IP proxectos/contratos nacionais de investigación competitivos	2 puntos
IP proxectos/contratos autonómicos de investigación competitivos.....	1 punto
Investigador/a proxectos/contratos internacionais de investigación competitivos. 1 punto	
Investigador/a proxectos/contratos nacionais de investigación competitivos..... 0,5 puntos	
Investigador/a proxectos/contratos autonómicos de investigación competitivos 0,25 puntos	
IP contratos/convenios (0,5 puntos/25000€/ano).....ata 1 punto	
Estadías de investigación en países distintos aos de orixe..... 0,2 puntos/mes	
Estadías de investigación noutros centros distintos aos de orixe..... 0,1 puntos/mes	
Bolsas/contratos predoutorais competitivas/os..... 0,25 puntos/ano	
Bolsas/contratos posdoutorais competitivas/os..... 0,5 puntos/ano	
Teses de doutoramento dirixidas.....2 puntos/tese	
Outros méritos relacionados con esta epígrafe.....ata 3 puntos	

- c) **Resto de méritos curriculares.** Valorarase calquera outra achega que permita valorar méritos curriculares non incluídos nas outras epígrafes, incluíndo actividades de divulgación científica. Puntuación: de **0 a 5 puntos**.

Expediente académico.....ata 1 punto

Premio extraordinario fin de carreira.....1 punto

Doutoramento con mención internacional/europea:.....0,5 puntos

Premio extraordinario de doutoramento.....1 punto

Outros méritos relacionados con este epígrafe.....ata 2 puntos

* Serán desestimadas as candidaturas que non acaden 40 puntos no Apartado 1

Pasarán á segunda fase, como máximo, as tres persoas con mellor puntuación en cada praza.

SEGUNDA FASE (máximo 40 puntos)

- 2) **Plan de traballo que se vai desenvolver durante o contrato.** Valorarase a calidade, coherencia, resultados previsibles e impacto potencial, viabilidade do plan de traballo en relación ao grupo de investigación no que se vai integrar e capacidade de captar fondos cara ao futuro. Puntuación: de **0 a 30 puntos**.

Valoración en base á documentación presentada:

Calidade, coherencia, claridade.....ata 7,5 puntos

Resultados previsibles e impacto potencial.....ata 7,5 puntos

Viabilidade e capacidade para captar fondos.....ata 7,5 puntos

A Comisión de Selección citará para realizar unha entrevista persoal sobre o plan de traballo aos tres candidatos e/ou candidatas con mellor puntuación sobre a valoración dos méritos curriculares e dos plans de traballo en base á documentación presentada.

Valoración da entrevista.....ata 7,5 puntos

A Comisión de Selección deberá presentar unha lista ordenada para cada unha das prazas avaliadas tomando en consideración a puntuación asignada para cada candidata/o. Valóranse únicamente os méritos que tivesen acreditados debidamente na data límite do prazo de presentación de solicitudes.

A cualificación final do proceso será a suma das puntuacións correspondentes ás dúas fases do concurso

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)